

**MOSTRA****Sofía Casanova foi testigo dos fitos que marcaron a historia de Polonia**

**18.11.2008** O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento organiza un ciclo dedicado á pioneira da profesión neste campo coincidindo co 50 aniversario da súa morte // O profesor Grzegorz Bak falou onte da Europa na época da escritora

REDACCIÓN • SANTIAGO

"Sofía Casanova foi testigo dos acontecementos que marcaron a historia polana na primeira metade do século XX", iste foi o resume da conferencia que o profesor Grzegorz Bak pronunciou onte en Compostela, baixo o título *A atormentada Polonia de Sofía Casanova*. A vida e o tempo de Sofía Casanova, a pioneira correspondente de guerra galega que faleceu hai cincuenta anos en Polonia, centran un ciclo organizado polo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, e que inclúe unha exposición, proxeccións, conferencias e mesas redondas.

A actividade arrancou onte coa inauguración da exposición *Novas e vellos edicións de Sofía Casanova*, que conta con libros e pezas sobre a autora nada en Culleredo en 1861 e que comprende o período que vai de finais do século XIX a mediados do XX. A mostra, que permanecerá aberta ata o 28 de novembro, contén as principais obras da autora, como *Sobre el Volga helado*, *El doctor Wolsky* ou *Idilio epistolar*, e traballos de investigación, biografías e reedicións dos seus libros recentes, que van da poesía ao teatro, pasando polas múltiples crónicas que enviou dende Polonia, país ao que se trasladou logo do seu casamento en 1887.

O profesor Bak lembrou que Sofía vivira acontecementos como as dúas guerras mundiais ou a persecucións dos xudeus por parte dos nazis no gueto de Varsovia e, por suposto, a invasión de Polonia. Con todo, esta pioneira correspondente de guerra mantivo o contacto con Galicia a través das súas visitas á terra natal e de colaboracións en publicacións como a revista *Galicia*.

Á inauguración asistiron o director do IEGPS, Eduardo Pardo de Guevara; o coordinador do ciclo, Antón Pazos, e a presidenta da Asociación Polonia en Galicia, Ewa Pawolowska.

**O DATO****Conferencias**

Hoxe ás 19.30 horas, o director e a xefa de produción de Saga, Marcos Gallego e Inés Colmeiro, e a profesora da USC Rita Martín falarán de Sofía Casanova no cine .